

de dous meses, contados estes prazos desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2008.

Manuel Vázquez Fernández  
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento  
Sostible

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Resolución do 9 de abril de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, en relación coa Orde do 12 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2008.*

Primeiro.-No DOG nº 250, do 28 de decembro de 2007, publicouse a Orde do 12 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2008.

Segundo.-No artigo 9º.-Procedemento, no seu punto 4 establécese: Para os efectos do previsto neste artigo, a comisión de valoración estará composta polos seguintes membros: a subdirectora xeral de Seguridade e Saúde Laboral, que a presidirá, e serán vogais o xefe do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral e dúas persoas compoñentes do funcionariado adscrito á Dirección Xeral de Relacións Laborais; unha delas actuará como secretario ou secretaria.

Terceiro.-Así mesmo, o punto 7 do mesmo artigo 9º, di: A subdirectora xeral de Seguridade e Saúde Laboral, tendo en conta o informe da comisión de valoración, elevará proposta de resolución ante o órgano competente para resolver.

Cuarto.-O Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, e se establece a estrutura orgánica básica do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, indica no seu artigo único punto cinco.-Modifícase o punto 2º do artigo 7.dous do punto V. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Servizo de Seguridade e Saúde Laboral.

Baixo a dependencia directa do/a director/a xeral, corresponderalle a este servizo: ...A tramitación, xestión e seguimento dos programas de axudas a entidades para a mellora das condicións de seguridade e saúde laboral.

Por todo o exposto, é preciso proceder a modificar a composición da comisión de valoración establecida no artigo 9º da Orde do 12 de decembro de 2007

pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2008, polo que

### RESOLVO:

Primeiro.-A composición da Comisión de Valoración prevista no punto 4 do artigo 9º da Orde do 12 de decembro de 2007 estará composta polos seguintes membros: o/a xefe/a do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral, que a presidirá, e serán vogais o/a xefe/a de sección económica e dúas persoas compoñentes do funcionariado adscrito á Dirección Xeral de Relacións Laborais; unha delas actuará como secretario ou secretaria.

Segundo.-A elevación da proposta de resolución ante o órgano competente prevista no punto 7 do artigo 9º da Orde do 12 de decembro de 2007 farase do seguinte xeito:

O xefe do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral, tendo en conta o informe da comisión de valoración, elevará proposta de resolución ante o órgano competente para resolver.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2008.

Pilar Cancela Rodríguez  
Directora xeral de Relacións Laborais

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 9 de abril de 2008 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso aos corpos de profesores de ensino secundario para funcionarios e funcionarias dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Advertidos erros na devandita orde publicada no DOG nº 74 do mércores, 16 de abril de 2008, é necesario efectuar as seguintes modificacións:

Na páxina 6.777, anexo X, disciplina Economía, deben engadirse as seguintes titulacións:

Licenciatura en administración e dirección de empresas.

Licenciatura en ciencias empresariais.

Licenciatura en ciencias políticas e da administración.

Licenciatura en dereito, rama económico-emprearial.